

# O IMPERIO DO DESPOTISMO

O abuso do poder, a o preixón, ó cerril fanatismo, kunto a una morbosa e cruel deshumanidade; son sin dúbida algunha ás más acusadas constantes históricas do centralismo español, que dende a instauración do seu poder absoluto acadou ó longo de varios séculos unha colleita plea de fracasos e humillacións internacionaes, de desastrosas aventuras guerreiras, de probeza, frustracións e calamidades a eito.

Isto non pode sorprender a ningún se se teñen en conta as circunstancias do seus orixens e os fitos a conquetar tales como premer a todos os países hispanos nunha forzada concusión política co gallo de Iles impor, con ferreña temosia, a reacionaria e monificada hexemonia do imperialismo castelán.

Na España centralista tradicional, a posición filosófica dos poderes públicos perante a sua xestión político administrativa, endexamás foi a de gobernar senón a de mandar; o gobernante non tivo nin ten cabida entre os estamentos monopolizadores da autocracia centralista e cando algún tea xurdido, sempre apareceron os "mandones", pra se lle opor, e, senón era por medio da vil calúna ou do decreto sementado polo patrioterismo goro e fachendoso, botábase man da forza pra o destronar e impor novamente o ausolutismo castizo, cuia filosofía favorita é a que fica sintetizada no "orden y mando", tan grato ós ouvidos dos funcionarios meseteiros. Non é pois estranho que nun país rexido por tan reacionaria mentalidade, todo anejo de progreso, de emancipación socio-económica das clases populares sexa xulgada como unha ausadia inaceitábel, unha ofensa á intanxibel maxestade do poder, polo que compe ser castigado con ardida enerxía de exemplarizador escarmento.

Nós coidamos que ista fosilizada attitude mental do centralismo, remanece de que ten autoconcepción da sua incapacidade patéxena pra perviver en calisquer ambiente de progreso e libre xogo das forzas creadoras; onde o traballo farnador e a intelixencia escrarecedora, teñen que ser os mais preciados atributos do gobernante e do cidadán; emporiso reaxe contra todo adianto con furia exterminadora; veleiqui o pulo motor da sedición falanxista de 1936, que non foi cutra cousa máis que a eixaltación virulenta do instinto de pervivencia da clás ausolutista asovalladora, que se sabe ferida de morte o mesmo intre en que teñan termo os seus anacrónicos e revellidos prilexios de caste.

A españolísima ditadura franquista, ten toda a razón, e o que poderíamos calificar de direito histórico, pra se considerar a lexítima instrumentación política dos poderes da España unitaria e centralista: non é pois estranho que considere que ela é a patria i-o que está contra dela esta contra da patria, no que ista ten de tradición histórica de negación represiva de todo direito, de toda evolución, de toda liberdade. E de tal xeito a xenuina personificación do despotismo de sequeiro, afincado no clericalismo, no feudalismo e no militarismo; as tres forzas regresivas de cuio egoísmo de clás e tradicional incapacidade, remanece o secular atraso e decadencia peninsular tan comenente e proveitoso pra os intereses imperialistas da outrora poderosa Inglaterra e dos demais países domineantes do mundo aitual; o que Iles asegura unha grandeira colonia pra as suas expansións turísticas, productora de primeiras materias e máns de obra sumisa e barata. Eis eiqui as razóns principais do porqué da pervivencia diste resabio totalitario, amparado polo fariseísmo cómplice e cobarde do esmorecente "mundo libre", sin cuio apoio económico e diplomático, xa fai tempo se houbera afundido no mais vergoñento e total fracaso.

Veleiqui pois a imaxe real da España de oxe, de onte, de sempre. Imperio do despotismo, que se non rexe polas leis i-os direitos instrumentados nos códigos senón pola sumisión da espada, do trabuco, do fisi... onde a nación gala lega sometida a un virtual estado de colonia, topa pechados todos viesiros pra soerguer a sua economía, a sua cultura e todo canto a caracteriza como unha comunidade diferenciada no concerto dos países ceibes e civilizados.

Salvo a lóxica evolución dos tempos, non é acaso a España de oxe a mesma da época de Torquemada? Daquela licaba rexida polo tribunal do "Santo Oficio" e oxe polo "Opus Dei" a "Santa Maffia" como irónicamente é nomeada polo povo. Denantes, o delito de pensar rematava na fogueira "purificador", agora remata no fusilamento ou no garrote vil, o mesmo asaño sarraceno a mesma furia cruel contra todo degaro de liberdade de emancipación popular.

Non é tamén un procedemento inquisitorial considerar o pensamento como ouxeto de delito como no caso de Mendez Ferrín procesado e condeado a dous anos de cadea no penal de Santoña por lle atoparen, ó ser violado o seu domicilio pola forza pública, os orixinaes dunha novela non publicada?

Que desemellanza eisiste entre o outrora tribunal do "Santo Oficio" e o de agora "Tribunal militar", que está a xulgar en Burgos a un fato de nacionalistas vascos que aspiran liberar o seu país da tutela abafante do imperialismo meseteiro?

Cuando calificamos de fosilizada a mentalidade do español típico, non estamos empregando unha frase más ou menos efectista, senón definindo unha realidade permanente que ten plea vixencia en todos os sectores políticos peninsulares de dereita e de esquerda. De qué outro xeito pode calificarse a teima contumace de querer destronar o despotismo ausolutista tradicional trocándoo por un sistema democrático pero mantendo as mesmas estructuras unitarias e centralistas en aberta oposición os léxitimos e irrenunciáveis direitos das nacións diferenciadas como Galiza, Cataluña i-Ezkadi?

Todos intentos feitos en tal senso ó longo da historia, remataron no mesmo fracaso, na mesma represión violenta,

# A NOSA GALICIA

ANO LII

Buenos Aires, Decembro de 1970

Nº 515

## EDOARDO SANCHEZ MILLARES E' PRESIDENTE DO CENTRO GALEGO

Endexamais nos zoncerceres históricos da coleitividade, a transmisión do mando das autoridades tivo o releu emotivo que se rexistrou na protagonizada no Centro Galego de Bos Aires co gallo de assumir a presidencia da institución e candidato triunfante, don Edoardo Sanchez Millares e os respectivos cárregos do seus compañeiros de Xunta e, cuia tarefa estivo a carrego do presidente sainte don Xosé Alfonso Reboreda.

**Edoardo Sánchez Millares foi proclamado presidente do Centro Galego**

### O ACTO

A crimona levouse a cabo no salón Castelao que resultou pequeno pra acoller atal moitedume de xente cobizosa de asistir ó acto e moita da cal ocupou pasillos e vestíbulos desbordando até á rúa...

As 20 horas fixeron a sua entrada dende o exterior, os integrantes da Xunta Directiva saínta e entrante, sendo ovacionados clamorosamente e que arreciou quando se ubicaron no escenario.

Encetou o acto o segredario señor Edoardo A. Pérez, dando lectura a acta de proclamación do resultado electoral, declarando Presidente da entidade ó señor Edoardo Sanchez Millares, e Vicepresidente o señor Manoel Martínez Lamela. Asegurado, deu a conocer os novos vocáis que por orden de programación correspondían os actores Alfredo Baltar, Xosé Fernández Pardo, Manoel Corbacho Montecagudo, Alberto Adriá, Xosé María Díaz López e Xosé Cunarro, pola coalición triunfante, e os señores Xoán Carlos Bouzo e Víctor Riveira, pola minoría.

Continuou o acto cos integrantes da Comisión Sindical, Conselho de Apelación e Representantes de socios.

### FALA O SENOR REBOREDA

Moi emocionado, fixo uso da verba o señor Alfonso Reboreda, e deu comezo decindo:

"Estamos here os eiqui, vivindo un dos feitos más trascendentais que na institución por impenio do sentimento democrático

e galego que é honra desta casa, e que nos obriga por disposición estatutaria que os homes chamados a dirixir sexan escolleitos en comicios ceibes, que até agora ningún poido tachar de parcialidad ou impunaren por defeitos de procedimiento."

"Eu quero sinalar, i é mester que o faga, que un destino que non percurei, e unha conxuntura que tampoco producsem, levoume a outa honra de presidir este meu querido Centro Galego."

E más adiante o señor Reboreda afirma:

"...O meu espírito, o meu corazón e o meu cerebro dímine que, se por imperio das circunstancias denantes apontadas eu fui símbolo e vérice de todas as vosas vontades, o mérito de canto se fixo non é meu, que é voso é fólgome en así de celo, porque a miña misión non foi nen consistiu, en máis que deixar facer: porque o fondo conocemento que eu teño da nosa institución donabame a comprensión más dada pra eu xerguer que o Centro Galego estaba ideante de estatalismo e personalismos... e que pra polo a camiñar novamente, nunha revolucionaria acción de despegue, era mester xustamente iso: deixar a todos cantos, con tantas ou maiores aptitudes ca min, estaban dispostos a labraren na maravillosa herade que é o Centro Galego..."

"En boas mans fica a presidencia desta casa.

"Non vou facer eiqui a louvanza de don Edoardo Sánchez Millares. Dabondo o conocemos todos na sua capacidade e calidat de humano. Non vou esteriorizar os méritos de don Manoel Martínez Lamela.

tímez Lamela, non afirmar can to supón pró Centro Galego e que se sumen á sua Xunta Directiva os señores Alfredo Baltar, Alberto Adriá, Manoel Corbacho Montecagudo e os demás membros reeleitos.

"Emporiso reiterando a trascendencia deste acontecemento, como Presidente do Centro Galego de Bos Aires, exemplar institución ó servizo de Galiza e desta Arxentina amada, cumpro neste intre, soñelle de pr en posesión do seu cárrego de Presidente da entidade ó señor Edoardo Sánchez Millares e os demás integrantes da lista que o acompañaron como candidatos no que cada un deles corresponde..."

### SANCHEZ MILLARES

Cunha grande ovación foron recibidas as derradeiras verbas do señor Alfonso Reboreda, e que continuaron perante o señor Sánchez Millares ó encetar o seu discurso, quén manifestou o seguinte:

"Dechte emocionoume o acto formal por min moitas vegadas presenciado, da transmisión de mando de presidente entrante."

"...Ren podo decirvos que non seiñades. Ben sabedes que ó longo dun camiño de sagrifizio, houbo etapas dolorosas que non me titútan... que sofrimos todos. E as inquietanzas vividas donaron madureza e claridades ás ideas pra que sexan estas, en primeiro lugar, as que movan o noso corazón xenerando bases e solucionas que couten novas angurias e amenazas pra esta casa tan nosa. que tanto queremos.

E más adiante expresou o señor Sánchez Millares:

"... E mester, por elo, decir eiqui, que este triunfo electoral que consagrhou a lista da coalición democrática, débese en gran medida á certeira visión do meu antecesor don Xosé Alfonso Reboreda, por canto toda acción levada a cabo durante a sua diña e breve presidencia. unha das

(Vai á páx. 39)

## TRUNFOU A DEMOCRACIA E A GALEGUIDADE

Resultante dunha mañicana organización, fixo posíbel que o 25 de outubro pasado, más de 21.000 votantes, poideran sufragar no Centro Galego onde realizábanse eleccións co gallo de elixirente os candidatos que pasarían a integrar a metade da Xunta Directiva e dos Corpos Estatutarios e das Asambleas de representantes.

Finado o escrutinio, a coalición democrática integrada polas Agrupacións A Terra, Breogán, Galicia e Unión Galega, resultou trunfante por unha maioría aplastante: 15.376 votos, e a Agrupación Celta 5.729...

Foi a confirmación plea do sentimento democrático e de galeguidade da emigración.

Como consecuencia do trunfo incorporáronse ós Corpos Orgánicos da entidade os seguintes asociados:

**XUNTA DIRECTIVA:** Presidente: Edoardo Sánchez Millares; Vicepresidente: Manoel Martínez Lamela; Vocáis: Tidoires: Xosé Fernández Pardo, Alfredo Baltar, Xosé María López, Manoel Corbacho Montecagudo, Xosé Cunarro e Alberto Adriá. Vocáis Suplentes: Basilio Iglesias, Anselmo García Golpe, Uxío Sánchez Fraga, Daniel Alfonso Núñez, Álvaro Campos, Evaristo Míguez Illobre, Francisco Landeira e Alfredo Lastres López.

**COMISIÓN SINDICAL:** Sindicatos Tidoires: Óscar L. López Blanco, Xosé Antón Ríos, Carlos J. Fernández Fernández e Xoán

Carlos S. Rodríguez, Sindicatos Suplentes: Anxela R. Alvarez Abelaira, Norberto V. Leonardi, Manoel Blanco González e Germán García. CONSELLO DE APELACION: Pedro F. Prado, Daniel Calzado Poceiro, Xosé Adriá Yáñez, Valeriano Saco, Santiago R. Gasalla, Xosé A. Orrea, Xosé García Rodríguez, Manoel Fernández López, Xesús Gato, Aniceto Penelo e Xosé Abad Rivas.

Asimismo, incorporáronse á Asamblea de Representantes 90 tidoires e 40 suplentes.

Concedido o resultado electoral, auténtico plebiscito, sucedérone

esceas de xúbilo incontíbel que tiveron a sua esteriorización no salón do Centro Ourenseán en que despóis de se corear os Hinois Galego e Arxentino, os señores Xosé Alfonso Reboreda e Edoardo Sánchez Millares pronunciaron verbas de aceso patriótico galego e, posteriormente, no casal do Centro Pontevedrés onde se serviu unha cea a máis dun millo de conmemorais e, na que pronunciaron aforas das verbas os presidentes das Agrupacións trunfantes como tamén os señores denantes mencionados que xa o fixeran no Centro Ourenseán.

## SOLIDARIDADE CO POBLO BASCO

O tribunal militar que está xulgando na cidade de Burgos a un fato de patriotas vascos polo delito de defender os irrenunciabes direitos do seu país, é a representación xenuina da España centralista: que equival a represión, e despoitismo.

A Irmandade Galega, solidarizase cós patriotas vascos e con todos cantos loitan polo reconoscemento dos direitos de autodeterminación dos pobos ibéricos.

# REVOLDAINA

## CUCO-REI

Con data de setembro derradeiro, apareceu "Cucorei", pequeno boletín escrito en lingua galega, feito e dirixido por Lois Seoane.

"...Son catro ou cinco páginas gratuitas. (Comenta o editorialista con pavora petulancia...) Facémolo soios e pagámolo nós. Nin Mecenas que presuman de axudarnos, nin suscriptores que non paguen, nin Mecenas que inserten avisos que tempece pagan. Son catro páginas, duas follas libres, feitas por escritores e artistas arredados de calquier agrupación de "aficionados" en cuestión culturales e galegas".

Certamente, o señor Seoane é un home moi contraditório... Tan contraditorio, que, por sistema, ou porque lle peta, ten a teima de negar a existencia de Mecenas —que algúm houbo, e hai— na colectividade galega, sen reparar mentes no mecenazgo que patrocina a audición radial "Galicia Emigrante" que ele dirixe e da cal é beneficiario...

De calisquera xeito, xa que o señor Seoane está disposto a refugar de "Mecenas que presuman de axudarnos..." e bó, saudabel, que tome tal decisión de pagar do seu agachado peto o referido pequeno boletín, xa que é home de fortuna, e que lle dona, neste caso, e cun pequeno desembulso, unha excelente oportunidade de se locir oficiando de Mecenas... refugando de paso toda competencia enoxosa a sua esquisita sensibilidade burguesa.

O referido boletín loce ilustrado con caxtro gravuras e, ademais do referido editorial e diversas notas, aparez unha —R. Dieste na Academia— na que se louva a todo vapor (unha pretendida xustificación...?) a persoalidade intelectual e as labours galegas do referido académico de Rianxo, pra fíndar de contado o comentarista:

"...E deu (Rafael Dieste) duas conferencias, unha en galego e outra en castelán, tal como se lle solicitou no Museo Maside, na inauguración".

Quer decir co elo, aténdonos ó comentarista, que o señor Dieste prestouse deliberadamente a falar nese intre, no idioma colonialista a pedido dalgún interesado en rexistar o galego... esaitamente igual que Lorenzo Varela na sonada velada patriótica galega do Día de Galicia do 67 no Teatro Avenida desta capital, en que foi estrondosamente abucheado por teimar falar en castelán...

En verdade, señor Seoane, e amizade aparte, meréz a pena regañar os dentes por un señor (o académico de Rianxo) que o único que fixo en trinta anos de cómodo exilio en Buenos Aires, foi "Rojo farol amante"...?

E EVIDENTE, evidentísimo, que Lois Seoane posue unha grande virtude: Sere amigo dos amigos. Mais esta admirável virtude de adhesión, de entrega total ós amigos, lamentavelmente mal empregada, lévao a mimo a confundir as cousas... Por exemplo: a delirante dedicatoria no seu libro "Castekio Artista", ou o aind máis delirante, o fanfar de "Historias de Emigrantes" de Neira Vilas...

De certo, degrámoslle a este pequeno valente boletín, feito, dirixido e pagado polo noso colega Lois Seoane, longos eisitosos anos de vida.

## A VOZ DO POBO...

Chegou ás nosas mans un exemplar —o número 16— de "A voz do Pobo", órgao do Partido Comunista de Galicia. Atal reza o encabezamento. Como se deixá ver trátase dun pequeno boletín en tamaño doado como compre pra circular clandestinamente neste caso, no país galego.

Pero o asombroso é, que en tan pomposo marco agáchase o ataque más ruin e alevisor ó Idioma Galego.

Todos os títulos e subtítulos —doce en total— están escritos en galego, e os textos, na sua totalidade, en castelán...? (?)

Co observado, xa non se trata ciuí, do tan meneado *bilingüismo* compartido, onde a carón dún texto en galego vai outro en castelán, non. Neste caso, o ataque leva toda a cárrega imperialista meseteira de asoballo e humillación..., onde a nosa língua aparece disminuída, ridículamente rotulada como en situación folclórica...

Cómo é posibel, preguntamos, tolerar ata aldraxe á nosa lingua e diñidade como povo?

Esta sorte de pregunta temos de lla faguer a certos intelectuais "avanzados" que ainda sofren os efectos da doma...

## OLLO O PEIXE...!

Anda circulando pola nosa colectividade un quincenario denominado "Se Español" (cheira que fede...) que responde a un grupo de hispanoís esgallados de "Faro de España" órgao do franquismo na Arxentina.

Polo que se olla, a procedencia deste fato de hispanoís é pra nos ter á espleita... xa que a sua teima, que a iso andan, é filtrárense nas nosas Agrupacións Pro Centro Galego...? (?)

No vergonento asunto da Expo Feria Gallega, "Se Español" invita ó Centro Galego e a Embaixada franquista a lavárense as mans neste suxo asunto, facendo ó efecto, unha declaración pública...? ()

E cosa ben sabida, que os do grupo de "Se Español", como na Embaixada, coñecen ben o paño dos repudiábeis elementos responsábeis da fracasada española, como que son seus colegas... polo que, se algúmha "declaración" corresponde ela terá de vir dos organismos franquistas Casa de Galicia, Hospital Gallego e da Embaixada, que daí ven o choio...

Empóriso que, ollo ó peixe... que nós os galegos non aceptamos inxerenzas alleas nas nosas cousas... e menos de xentes que ren teñen en común conosco.

Que yaian ás suas entidades, que ali, sí, teñen ben onde

bañarense... No Hospital Español, ou na Soc. Española de Socorros Mútuos, por exemplo...

## GORA EUZKADI...!!

O berro de, Gora Euzkadi (Viva o País Vasco!) un patriota convertido nun facho human, i envolviéto nunha bandeira vasca, guindouse dende o derradeiro piso do frontón Anoeta de San Sebastián, no intre mesmo de se encetar o Sexto Campeonato Mundial de Pelota Vasca.

No palco de honor, estaba o Xeneralísimo ca sua imposible cara de pau... E nin pestanexou perante a dramática espetacular manifestación de repudio contra o imperialismo colonialista hispánico...

Agora estan a seren xulgados en Burgos, acusados de "bandida e terrorismo" un fato de patriotas integrantes da organización nacionalista vasca ETA. Pra seis destes acusados, pidese a pena de morte; pra dous cregos, penas de 70 e 6 anos respectivamente; e pró resto, o fiscal solicita penas que van dos 30 ós 60 anos...

O xuízo dos condenados fixose a portas fechadas, sen permitir á prensa información alguma; e o proceso realizouse sen se axustar a mormas xurídicas que garantizan a lexitima defensa dos acusados, nin se apresentan testigos de cárgo nin probas eficientes; simplemente axustándose ós sumarios policiais... (?)

"Bandida e terrorismo" é a acusación destes bárbaros godos de forza e coitela que teiman afogar en sangue xenerosa as arelas de liberdade e independencia dos povos peninsulares...

## COUSAS VEREDES...

Notizas de Madrid dan conta de que o Consello Superior das Cámaras de Hespánia ten decidido o envío dunha delegación comercial a URSS, co ouxeto de estableceren contacto coa Cámara Comercial de Moscú.

Os representantes franquistas emprenderán viaxe brevemente pra con tempo estudaren os soviéticos o xeito dun posibel incremento da relación comercial que de tempo xa existe entre ditos países.

Cousas veredes, que non creredes... Franquistas e soviéticos nunha cordial aperta de compadres...

E o millón de hispanoís mortos nos campos de batalla en loita contra o feixismo... os paseados, os fusilados... os que apodrecen na cadea...?

Non sexamos inocentes...!

Lourenzo Fragoso

## ALBANIA

Albania (28 000 kilómetros cuadrados e 2.000.000 de habitantes) é hoxe un dos países socialistas onde o incremento das forzas productivas é mais acelerado, onde as diferenciacións de xornás é más pequena, e a capacidade de desenvolvo e posibilidade de manter unha política de autodeterminación por parte dunha pequena nación é más manifesta.

Albania foi un país domoado polo imperio turco durante cinco séculos. Os albaneses remataron co xugo, dempois dunha secular loita, no ano 1912 coma consecuencia da primeira guerra balcánica, acadando a independencia de Turquía. Durante a primeira guerra mundial foi ocupada por montenegro, servios, franceses e gregos, proxeño ano 1918 acadou de novo a independencia. En 1923 o presidente Amed Zogu fixose coroar rei co nome de Zogu I. Iste era un fidel representante da situación interna no que os terratenentes e burgueses mantinhan á nación no máis profundo da Edade Media. En 1939 as tropas italianas invadiron o país instaurando no goberno ós feixistas que situaban coma testaferres da política colonialista de Mussolini. O pobo albanés respondería ó imperialismo feixista aliñándose arredor do Partido Comunista Albanés e da sua política de frente á liberación nacional e social.

O Partido dos Traballadores (PC albanés) dirixido por Enver Hoxha fundouse na Conferencia de Tirana, realizada ante o 8 e 14 de setembro de 1941; dende ese intre a sua tarefa fundamental fo ligarse ás masas e persuadíllas da xustiza da liña política do partido. Foi trascendental importancia a liña do partido para os nacionalistas patriotas, e que lle permitiu avencellarse máis ó povo.

Dende un principio o partido organizou guerrillas urbanas que tiñan como fin golpear o imperialismo (uns 100.000 soldados italianos e forzas feixistas albanesas) e erguer a concenza das masas. A principios de 1942, trasladouse tamén a acción á agro onde a guerrilla estaba composta por grupos de 50 a 60 homes (4 ou 5 nos cidades), acadando axiña a liberalización de pequenas áreas que a pouco

se irían agrandando e pesares dos esforzos das tropas italianas e feixistas albaneses. Na Conferencia de Peza, a que concorreron comunistas e nacionais, os resultados de distleradas correntes, perpárase a creación de Comités de Liberación en todas as vilas e rexións (dirixido polo Partido Comunista). Pra fins de 1942 as forzas guerrilleiras contaban cuns 2.000 combatentes, ademaisalguns milhares máis nos corpos de autodefensa.

Na primeira Conferencia do Partido Comunista Albanés entre o 17 e 22 de Marzo de 1954, representantes de 700 membros do partido xuntáronse en Leblon pra organizar a insurrección xeral e o Exército de Liberación Nacional Segundo o acordado na Conferencia do Partido se forman nese mesmo mes os primeiros batallóns e Estados Maiores rexionais; en Xullo xa asistían 20 batallóns e 30 unidades guerrilleiras.

A pesares de que os xermáns temarian apuntalar a inminente derrota dos corpos italianos tamén istes serían esmagados e obligados a cruzar a fronteira ca Xugoslavia, onde duas divisiones albanesas colaborarían cos patriotas deixa o fin da guerra. O pobo e exército albanés demostraban como unha pequena nación e un exército reducido (en xeral a ter un máisimo de 70.000 homes) con escasez de armas (as armas forneceñas ó mesmo nemigo) era capaz de vencer a un gran nemigo en base a unha política xusta e popular.

Rematando. A Albania da que falamos no primeiro párrafo é o producto dunha política correcta e da confianza que soupo esperar o Partido en cada home, e da xusteza da mesma; de comprender a necesidade de liberación nacional e social; e por sobre todo, de querer facer dunha sociedade feudal un país de vanguarda, un exemplo luminoso pra todas as pequenas nacións e traballadores do mundo que loitan pola liberación.

Sen dúbida, Albania cos seus 22.000 km<sup>2</sup> e 2.000.000 de habitantes, ea sua participación de masas no proceso productivo e crítico, con unha evolución e desenvolvemento inéparables é non só un exemplo a non esquecer, senón que tamén díno de imitar.

XAN DO VAL

## MOVIMENTO

### OBREIRO

O 18 de Outubro uns 150 obreros da "Megasa" (Xubia) que están en folga fixeron unha marcha deixa o Ferrol, distante uns catro kilómetros. Unha vegada na cidade concentráronse frente o Edificio Sindical onde esterizáron as suas protestas polos baixos xornás que perciben, así como as xustas pretensiones que reclamaban.

— oOo —

Os traballadores da "Peninsular Maderera" fixeron o 17 unha folga en sinal de advertencia á empresa, que pretende asellar as revindicacións conquideras polos obreros dempois de 37 días de barri loita.

A "Peninsular Maderera" impuso un dia de sanción a todo o persoal pola folga laboral do 17; tamén pediu permiso pra despedir a 6 obreros, dos cales 3 son enlaces sindicais. Os despidos asegúran a dirección é por falla de respeito e de consideración pra ea dirección da empresa...

E importante destacar que a madereira ten un plantel de 480 traballadores, que en moitas oportunidades deron mostra da sua capacidade de loita e profunda unión. Si tiveramos que engadir algo ó dito, seria: ...¡Galiza está con vosco!... ¡Adiante!

— oOo —

O dia 20 de Outubro quedou solucionada a folga que mantinhan os traballadores de 46 empresas subsidiarias da "Astano". Os traballadores que abranguen as devanditas empresas é de 2025. O remate da folga debeuse a que as revindicacións dos obreros foron en parte satisfactas; as revindicacións que pedían eran melloras socias e de xornas.

— oOo —

Tamén no Ferrol, 5.000 traballadores da "Bazán" pararon coma consecuencia da detención do presidente da "Sección social del Sindicato del Metal" Rafael Piñeiro Liste. Os obreros somente reiniciaron as tarefas cando deixouse en liberdade o director do gremio.

## Expo Feria Gallega

### Perante a Xustiza

E de dominio público e aldeón que sober do ben nome de Galiza e os galegos neste país, houbo un fato de irresponsabilidades desleigadas, dirixentes do Hospital Gallego e Casa de Galicia, manejados e fezados por elementos hispanoís franquistas coa maeira indiana da Expo-Feria Gallega 70, ónde se desfigura a auténtica máxe de Galiza con xitanerías e outras procedencias hispánicas que non teñen que ver con esa nosa Terra.

E evidente, que estes irresponsabilidades individuais indíxan de levaren o nome de galegos conta-ban co caudal, coa concurrencia masiva da colectividade galega prae lagre dos seis fins. Mais a colectividade galega non les respondeu, refugounos, facéndolle o valeiro máis absoluto, o que os levou é fracaso máis escandaloso.

Agora sen levados perante a Xustiza argentina pra daren conta das seus repudiábeis actos.

○

A Unión Argentina de Artistas de Variedades deu a coñecer unha declaración na que espresa o seu repudio ós organizadores da Expo-Feria Gallega 70. Entre as consideracións denuncia unha deuda de 6.700.000 pesos, atopándose entre os damnificados Francisco Marrodán e a sua orquesta, o ballet de Elena da Serna, Los Tarantos, Silvia Alejandra, Soledad Romero, Antonio Herrera, Pirulez, Juan José Cortés, Carlos Mantilla, Lalo Cipriano, Eli Carril, Bety Duggan e outros artistas.

Advírtase a citada entidade que quer deixar "fehacientemente establecido", que nin o señor Alberto J. Armando, nin a Ciudad Deportiva tenen ren que ver nestes "feitos", finando a sua declaración coa decisión de elevar as correspondentes denuncias no Secretaría de Trabajo co fin espreso de encetar as accións legais correspondentes.

De LA PRENSA de 12-11-70

# XUSTIZA E DESENROLLO

No noso país existen, sería negar a realidade dicir que coexisten dous xeitos de estreitura económica. Ista dualidade económica se refexa, por forma, nos demais aspeitos da sociedade galega, tal como ser a cultura, lingua, política... é dicir en todos os xeitos de manifestación colectiva e súxecta. Ista dualidade económica amosa dous graus de evolución do desenrollo das formas produtivas. Por unha banda temos unha economía feudal-artesán, chantada no agro; e pola outra banda, unha economía capitalista, illada nos seus redutos urbáns, insolidaria co mundo labrego e sen un área consumidora e produtora positiva. Pre fagamos un pouco de historia...

O ollaremos a economía galega no proceso histórico, recollemos que a estreitura económica de Galiza e demais pueblos da península (e tamén a meirande parte de Europa) percorre idénticos procesos desde o século XV. Galiza está nese intre a desenrolar a primeira xira do capitalismo, o mercantilismo, é traveso da eliminación da nobreza como força que era de contemento da expansión da burguesía viélega. O desgaste da nobreza producirse como remanencia do desenrollo das forzas produtivas e a sua incapacidade prás dirixir. O punto culminante que chega a adquirir iste proceso en Galiza son as revoltes irmandiñas do século XV. Logo, o proceso defente, cásquen se podería dicir que recua na historia. «Cales son os motivos disto recuar na historia?

No reinado de Fernando e Sabela de Castela, o noso país perde a sua autodeterminación. Galiza ve estragar toda sua super-estreitura (nobres desterrados e decapitados, bispos e abades sustituidos, perda do voto nas Cortes, implantación da Inquisición, adiantados-estranxeiros para nos governar) nun certo proceso e dun xeito inesperado para moitos por carecer dun carácter épico. Non poido haber unha resistencia sútila de todas as forzas do pobo galego xa que a nobreza no intre era in-

capaz de dirixir o desenrollo das forzas produtivas e o mercantilismo inicia era moi flexible. Os reis de Castela decatarronse da coxuntura que estaba a vivir Galiza proba de lo é que só enviaron cen lanzas para «doma e castración do Reiño de Galiza».

A partir da sua perda de autodeterminación as forças produtivas de Galiza desenroláronse moi cativamente, e xa dun xeito dual. Dualidades que responden a que o imperialismo colonialista hispán ou castelán, pro caso e o mesmo, inda non poido rematar a colonización do pobo galego; e dicir assimilaren á sociedade. Xa que si se houbera rematado a assimilação hexa Galiza estaría incorporada cuantitativamente a estreitura económica capitalista, que é a que priva no Estado Hespán.

Cando falamos de remate dun proceso, que depende fundamentalmente niste caso de estragar as forças produtivas do campesiñado galego e incorporar a sua área económica ó mercado capitalista, é importante deixar que a estreitura económica galega é o elemento esencial sobre o que se apoian: as relacións sociais e a cultura do pobo galego, en definitiva a idiosincrasia do home galego. Entón, temos nos que apoiar o sistema económico que estraga a sociedade galega como base dun teórico desenrollo das forzas produtivas ou temos outro camiño que nos permita transformar a sociedade galega, basandonos nos elementos positivos, nunha sociedade onde se podan desenrolar totalmente as forzas produtivas e o mesmo tempo eliminar os atrizes existentes hexa na nación galega?

O cofeido economista M. Beiras no seu libro «El desarrollo en la Galicia rural» dímos concretamente que o mundo rural galego ten elementos positivos pró seu paso ó socialismo. Eu diría máis, o mundo galego só ten unha posibilidade de existir é traveso de transformar a estreitura económica

feudal-artesán nunha estrutura superior que permita, apoiándose nos elementos positivos da estreitura anterior, acadar un rexime social e económico de desenrolado. O capitalismo coma oportunidade de desenrolar e transformar á nosa economía e un imposible dada o grau de desenrollo e poder do imperialismo falso do capitalismo coma alternativa pra desenrolar as formas produtivas ó traveso dunha burguesía nacional e, ademais porque o pobo galego lle non intresa unha burguesía nacional que xa amocetrou, sobexamente, ser incapaz de dirixir, ou querer dirixir o proceso histórico.

Resumindo. Somente a socialización da economía labrega nun carácter científico pódemos permitir un maior desenrollo das forzas produtivas. Xa que logo, falar de socializar a economía labrega, sifiliza colectivizar tamén todos os medios de produción da nación, único xeito de acadar unha integración de todos os seítors no proceso nacional-revolucionario.

A socialización no se pode doar en Galiza namentres que o pobo galego non se poda autodeterminar. E dicir, que o primeiro paso no noso proceso de desenrollo esta dado por: a independencia político-económica do imperialismo colonialista, representado neste caso polo Estado Hespán.

Rematando: é evidente que o campesiñado non ten a capacidade histórica pra dirixir o proceso revolucionario, nin a ideoloxía, do cal desprendese que ten que ser outra das vanguardas do proceso. E non cabe a menor dúbida, que esa das non pode ser outra que a das obreiras. Sómente por medio dunha alianza obreiro-campesiña poderase acadar a autodeterminación do pobo galego e a instauración dunha democracia de novo tipo, encamifada a socializar os medios de produción pra deste xeito promocionar un desenrollo pleno das forzas produtivas e unha auténtica xuistiza social.

MANOEL DA FUSQUENLLA

## OS SUBERSIVOS

Vai pra dous anos que estivo en Buenos Aires, invitado pola Comisión dos Xogos Fatales, o escritor galego Xosé Lois Méndez Ferrín, deixando ante todos nos una grata lembranza, tanto pola sua sinxelaza, como pola sua attitude de compromiso co pobo galego, co futuro de Galiza. Fámosse ista lembranza xa que Méndez Ferrín por ista attitude fai a ser condenado; as escusas pró caso, foron un certo subversivo libro a elaborar, aseguir as autoridades franquistas.

Pro acáremos: pré governo hispán falar da realidade é facer subversión, ser galego é estar no subversivo, e se un ten a oportunidade de chegar a determinado nivel intelectual, i é galego, entón si, con seguridade, é un subversivo. A proba do dito está en que nos dous derradeiros anos foron xulgados ou condenados intelectuais galegos da zona de Patiño, Illa Couto, Manoel María Rarreira, etc.; é causa estrana, a pesares da disparidade de opinións de todos lles..., todos eran subversivos.

Méndez Ferrín foi nado no ano 1932. Curseu en Compostela, na Facultade de Filosofía e Letras, Filoloxía Romá na cal se li-

cenciou. E sería cadeirádego dista assinatura deixa a sua prisión, acenticada fai uns meses. Méndez Ferrín deixou ante todos nos una grata lembranza, tanto pola sua sinxelaza, como pola sua attitude de compromiso co pobo galego, co futuro de Galiza. Fámosse ista lembranza xa que Méndez Ferrín por ista attitude fai a ser condenado; as escusas pró caso, foron un certo subversivo libro a elaborar, aseguir as autoridades franquistas.

Méndez Ferrín fica desde Setembro en prisión. Primeiro cumplindo a cadea na prisión da Cruña, e dende fai algunas semanas na de Santander (España). Non só foi condenado a dous anos de prisión, senón que tamén a 100.000 pesetas de multa; e, o que é más noxento ainda, a dous anos de inabilitación pra exercer a sua profesión.

Coidamos que Méndez Ferrín é hexa máis que un escritor en cadea, a mostra do asaño con que o Estado Hespán persigue e esmaga todo intento de mostrar unha cultura con carácter verdadeiramente galego. Por elo

(Ven da pág. II)

máis brillantes que rexistra a historia do centro, aponta a percuriar, que non un só dos puntos contidos no programa de goberno do ano 1968, ficara sen concretarse nunha aferroada arela de justificar que as promesas tiñan sido algo máis que iso.

«... E a min, e de meus compaixeiros de Xunta Directiva, comprirás darmos termo a todo quanto el deixe encetado, mesmo pra que a continuidade da obra materialicese en feitos abomados que fagan o beneficio de todos os asociados.»

E más adiante manifestou: «... Afirmo tamén, que nesta casa a perennidade do sentimento galego será total e absoluta. O quer así a Xunta Directiva, e recream os Agrupacións de socios, e afirmar a diario os milhares de persoas que se moven neste noso santuario.

«O exemplo elocuente da obra cultural e patriótica realizada na mística de quienes nos elixiron, é a maior rúbrica que se pode elixir. Seguiremos editando libros, dando senso de galeguidez á nosa revista, apoiamos todas as disciplinas da cultura que honran a Galiza e a Arxentina, e non escatimaremos esforzo pra que o Instituto Argentino de Cultura Galega poida cumplir devidamente o gran labor a que está chamado.»

## XOHANA TORRES

### Premio "Galicia" 1970

Por unanimidade, e logo dun longo debate do Xurado pra escoitar a mais meritaria obra presentada ó Concurso de Novela en Lingua Galega convocado polo Centro Galego de Buenos Aires, e cum premio en metálico de 200.000 pesetas, foi escolleita «Adiós, María», de Xohana Torres, escritora e poeta ferrolana afincada en Vigo.

Antre as numerosas obras apresentadas compre destacar pola sua xerarquia literaria as seguintes: «A vida probe», «Devaneando polo inferno», «Nidia», «O longo vran da nostalxia», «O mesón do birolo», «O chan», «O silencio redimido», «Os de sempre» e «Xente ó lonxe».

Se a teima dos directivos do Centro Galego de Buenos Aires é colaborar no rexurdimento da narrativa na nosa lingua, o resultado non pode ser más halagador, xa que, ademais de prestiso que no mundo galego i en España conseguita este Certame Literario, as editorias galegas Galaxia e Castrelos de Vigo, apréstanse a editar algunas das obras apresentadas ó devandito concurso.

E por elas, que este significativo acontecemento cultural artellado e posto en marcha polo Centro Galego de Buenos Aires, reacraea certinidade. Que non fique nun fermoso feito illado, pra lembrar... senón o efecto dunha xeira plana do rexurdimento cultural de Galiza; i é así que seña bon dire pensando nunha proximista convocatoria pró Concurso Literario 1971, o que viría a reforzar con novas e valiosas aportacións á nosa literatura e idioma, o exitoso Concurso que fina de se celebrar, e así sucesivamente.

## Sembranza de Xohana Torres

A pesares de non ser abondosa a produción literaria de Xohana Torres a actual gañadora do Concurso Literario de Novela en Lingua Galega patrocinado polo Centro Galego de Buenos Aires, ten consagrado xa un nome nas letras galegas como poeta e como autora teatral e de contos pras nenas.

O seu primeiro libro de versos «Do sulce», foi publicado hai ya uns anos... No 1966, conquíeriu o Premio de Teatro «Castelao» coa obra «Do outro lado do Iber», ficando finalista o seguinte ano con «Un hotel de primeira xunte ao río», no mesmo concurso.

E autora, asimesmo, de conto infantil «Pele mar zhaixe van as sardinas» e verteu de catalán ó galego «O abete valente» e «Unha nova terra».

Xohana Torres mora en Vigo de fai anos, i estudeu Filosofía e Letras en Santiago.

A sua novela premiada agora, «Adiós a María», ven sendo unha obra que ten un entrañable fondo social, é proprio tempo que aarelada confianza no porvir. A narración cunha temática e desenvolto pertence ó noso tempo actual, é de maior inxel, i está devidamente desenrolada.

Tratase do relato que fai unha rapariga galega de quince anos que mora nunha cidade do noso país, e vai centando, demoradamente, as dificultades e anguiñas porque paga a sua familia, e mesmo ela, por mór do desemprego de seu pai e posterior emigración á França.

«Adiós a María» ten todos os perfis e a técnica da novela iberoamericana contemporánea que tanto impera hexa no mundo das letras.

## As Eleccións do Centro Galego

A xornada cívica vivida pola nosa colectividade co gallo das eleccións do Centro Galego no derradeiro mes de outubro, abrange unha sinificación que vai moi máis alá dunha sinxela vota electoral entre agrupacións rivais. Nefento, as circunstancias vividas pola nosa colonia despois do mes de outubro de 1968 caido por mor dunha narcotizante confianza derrotista e de unha presa de factores favorables lograron a fracción entreguista antipatriótica ganhar unha elección que lle posibilitou o virtual manexo discripcional da nosa mérade entidade representativa determinar o inmediato avivecer das enerxías patrióticas xacentes foron o pulo dinamizador do grandeiro movemento de recuperacion encañificado e restaurar o estragado patrimonio material ameazado de derrube e ademais da dimidada e bon nome da colectivididade, agraviado de cote pola inercia degradante e o servilismo antipatriótico des mandamáis de turno.

O Centro Galego de Buenos Aires, a entidade representativa da emigración galega no exterior, cos seus 110.000 asociados e unha atención médica asistencial de alción social e apoio á nosa cultura como non cumple ningúnha institución semellante, constitui unha nida prova da capacidade de superación do noso povo cando atiña ceibe de pexamentos e ataduras alleiras. Apesar de funcionar nun país de economía en crise non somente reflexa un bon estado económico senón que ademais axúitase a encetar un plan de

## O IMPERIO DO...

(Ven da pág. 19)

no mesmo baño de sangue e non embargantes teñíase no mesmo erro histórico, na mesma insensata devoción dogmática a un ideal patriótico que leva aparellada violencia, sumisión, tiranía.

Debia xa ser hora de que os políticos de sequiño, como decia Castelao, se foran decatando de que no molde estruchador da España centralista non cabe ningún rexime do signo liberal e democrático, e que soio pode ser posible co desmantelamento de poder anisolista do centralismo reaccionario; mais nós non creemos en tal posibilidade, porque nin a pensan nin a sinten; de ahí que os galegos sonentes nos quedan unha alternativa: loitar, loitar e loitar ata que os irreconciliabes dereitos de autodeterminación da nación galega sexan total e plenamente reconecidos onde queira e como queira.

# Conversa Cun Mozo Galego

Por MOUSES DA PRESA (Notas dun viaxe)

No tren de Vigo a Baiona, dei cuñado amigo pintor residente en París quén, todos os anos polo vian achégase á terra.

Palicamos arre de Bos Aires onde o meu amigo morou longo tempo e conta ali con moitos afectos.

O chegar o tren a Coruxo, desceu i eu seguiño camiño a Baiona.

Fronte a nós, fa un mozo duns vinte anos i en quén non repara, entretido na conversa co meu amigo e, non ben fiquei só, tirando do peto un macillo de pitos americanos, oferesceu:

—Fuma?

—Gracias,

—Por lo que veo, viene Ud. de Buenos Aires...

—Sí, vengo de Bos Aires.

—Usted es de aquí, ¿verdad?

—Sí, son de aquí, de Vigo.

—Yo le soy de Orense.

—¡Ah! Mui ben... Daquela sona paixás.

—¿Ya fue a Madrid?

—Non. Non fui a Madrid... Estiven na Coruña, Compostela, Lugo...

—Pues hágase de cuenta que no vió España si no pasó por Madrid... Es que, ¿sabe usted?, las ciudades gallegas le son pequeñas comparadas con la capital de España...

—Todo iso eche moi certo, mais sucede que o gallo do meu viaxe é puramente emocional... Empuriso que me limito ó país galego. Por outra banda, en Madrid, non pasaría de sere un turista, mentres que aquí, en Galiza, xa é outra cousa...

Repara en que son un home que volta á casa, ó seu... depois dunha longa ausenza, ateigado de saudade, cobioso de me asolagar na paisaxe e nas nosas tradicións...

Porque no meu caso, men xoven amigo, voltar ven sendo en certo modo, establecer contacto cos veciños ó travesa da terra e da tembranza... desta nosa terra que está i estará por sempre, ó longo do tempo, esperando ó que se foi, porque ela é sempre a mesma, sempre é fidel, non nos engaña, non somos nós, quénas ás veces, nos enganamos con falsos espelhos...

E no que se refire ás nosas cidades, dis tí, que son pequenas comparadas con Madrid... E qué? Qué proba elo, meu amigo?

O tamaño das cidades é relativo... Florencia, ante outras, ponhamos por caso, é pequena comparada con Madrid, mais a sua participación no progreso e a cultura da humanidad é imensa...

Reparaches na prexección galega e universal da Compostela? Será bon que che diga, que moro nunha cidade —Bos Aires— que o teu Madrid comparado coa, en volume, ficas pequena... A sua vez, Bos Aires, comparada

con Londres, Nova York ou Tokio, ven sendo duas veces menor, e non por elo amíngoa a sua importancia como centros representativos dos seus respectivos países que, ó fin de contas é o que verdadeiramente importa.

Co dito, só se demonstra unha cousa: que o tamaño dunha cidade, inda considerando unha serie de ventaxes moi diárias de se tener en conta, non é determinante, polo menos en absoluto, e sí, o que elas fan, crean... en función de entidades reitoras a carón do seu povo i, en dimensión universal aprópria da cultura e progreso.

E indo a outra cousa... ¿Por qué non falas en galego?

—Pues verá usted... Como falan falo... ¿Qué galego non o fala? O que pasa é, que o castelán, sabe vosté, ven sendo o idioma nacional da España e, ademais, falado por más de cen millóns de persoas, mientras que o galego...

—Non. O galego ten unha dimensión universal na cal ti non reparas... Pois ten en conta que o noso pequeno país é parte integrante do mundo Galego-Portugués -Brasileiro, cunha povoación de perto dos cen millóns de habitantes que falan o noso idioma, sen termos en conta o imperio colonial portugués... E isto digo, por se che impresionan as cifras, porque en verdade, a lingua galega, limitada ó noso pequeno país, de por si xa supón un valor nacional e universal en función de cultura.

Direiche, ademais, que o castelán, en rigor á verdade, non é o idioma nacional, e o é, sí, oficial do Estado Español, o que por certo ven sendo unha cousa ben distinta. Pois que, se nos ceñimos ó rigor dos feitos, diremos que o castelán é a lingua natural ou nacional de Castela, León, Andalucía, Extremadura, Aragón... mais non o é de Galiza, Euskadi, Cataluña, Illas Baleares e Valencia.

Por otra banda, por esa régula des millóns de xentes que falan un determinado idioma, teríamos, ipso facto, que adoutar o inglés, por ser esta lingua a más espallada do mundo... E ben ollado ó asunto, reparaches nos 600 millóns de chinos falantes? Mais

deseñase en conta o fabuloso futuro dese imenso país que xa se está a perfilar...

O que resulta de todo isto é

que con semellante criterio encol do volume falante dos idiomas, non fan xustificación a práctica do checo, o danés, o húngaro o holandés, o sueco, o noruego, o rumán... E segundo este orde de cousas, por qué non? xurde a comparanza dos corrente millóns de franceses e outros tantos de italianos, ou os sesenta de alemanes... fronte ós seiscientos millóns de chinos falantes...

Non meu amigo.

Unha lingua ven sendo algo más serio e trascendente que un simple xogo de volumes.

Os habitantes de Galiza non falan galego porque sí. Existen poderosas razões de orde cultural, histórico, social, xeográfico... e até se mo permite, racial.

Ven sendo o xeito expresado dun povo, o seu verbo divino... Cecais e sen cecais, a máis máis criación ó longo da sua existencia... Ou sexa: as mesmas, esaitamente as mesmas razões que asisten ós casteláns a falaren o seu idioma...

O tren entrou no campo visoal da pequena canto fermosa badía de Baiona.

Estamos na Ramallosa, no saudoso berce nativa da miña nai...

Razón tiña dabondo cando me decia: "Algún día heite levar á Ramallosa, meu neno, e daquela verás canta fermosura..."

## NON PAGAR...

Segundo o exemplo dos campesiños de Muíños, uns 8.000 labregos negaronse a pagar o recibo da "Seguridad Social Agraria" (que se cobra cada 6 meses). O recibo incluía un novo trabuco consistente en 150 pesetas por cada persoa maior de 18 anos, que se tería de pagar coma a parte empresarial desde 1967 e un recargo do 20%. Ante ista noxenta altitud os campesiños guindados polas comisiones campesiñas dixeron ¡NON!...

Ante o carís que la collendo o asunto, tanto polo exemplo doado polos campesiños da Baixa Limia, coma o espallamento que ia tendo, obrigou a que o goberno anulara a cobranza do "Recibo de Seguridad Social Agraria", no segundo semestre, é dicir en outubro.

## ACLARACION

A redacción de "A Nosa Terra", pon en coñecemento dos irmánidos que, no anuncio da Asamblea Xeral de afiliados realizada o 3 de xuño pasado, 6 anunciar as novas autoridades xurdidas da asamblea devandita, involuntariamente omitiu o nome de Ernesto LOPEZ CORRAL como vocal, integrando a actual Comisión Directiva da Irmandade Galega.

## OS VAMPIROS DA EMIGRACION

por Marcelino Liste

Hai notizas que fan rabear e dan noxo. O fiscal de Tribunal Supremo mandoules fai pouco, aos fiscales das audiencias provincias e territoriales unha circular sobre a emigración. Resulta que ainda hai vampiros que se adican ao reclutamento clandestino de emigrantes pró extranxeiro. Cobrellan un ollón da cara por lles conseguir un contrato de traballo, que moitas veces é falso. Neste caso, nada más que chegar, fanos voltar. Pero inda é más grave o reclutamento de mozas que encobre a que chama "trata de blancas".

O problema da emigración é sen dúbida, o más grave que ten Galiza. As causas pódense reducir todas a unha: a probeza. Galiza, rica en recursos naturais e en homes traballadores, é probe porque non recibe a axuda que precisa e porque levanlle unha boa parte

do pouco que asforra pra outras rexions más ricas, a travesa da concentración bancaria e doutros meios. O traballador galego emigra pra fuxir da miseria. A emigración é pra el unha necesidade antes que un direito. E un mal menor. Algo así como un enfermo que cambia de postura.

▲ discriminación entre o traballador extranxeiro e o nativo é unha grave inxusticia. Foi unha pena que non se poldera incluir na negociación co Mercado Común a situación social e xurídica dos traballadores españoles. Parez como se o único que importara foran os cartos e non os homes. O goberno español fixo algúns convenios con gobiernos extranxeiros pra proteger aos nosos traballadores. Pero nista fica ainda molto camiño que andar.

A Igrexa Española e a das outras nacións tamén se preocupan polos emigrantes. Teñen establecidos servizos de asistencia. Isto está ben nunha liña de suplencia, pero sería començar a acentuar a formación de traballadores militantes que sexan fermento nas organizacións obreiras e nas empresas. A J. O. C. Internacional téñ elas unha importante laboura que cumplir.

Ela tén de denunciar as discriminacións inxustas que están dividido e enfrentando aos traballadores nativos e alleos en beneficio dos empresarios, que, deste xeito, consiguen unha obra de man barata. Ela debe contribuir a fomentar a solidaridade obreira internacional pra loitar pola defensa dos dereitos dos traballadores nunha sociedade neocapitalista. Isto é "evanxelizar". Porque Deus fixose home, solidario dos probes, pra loitar connosco pola liberación do home.

Suponemos que o Concilio Gallego prestará unha atención especial a este problema da emigración. Esperamos que non se quede todo en estudos e teorías. Os protagonistas sobre este problema deben ser no Concilio os emigrantes mesmos. Esta será unha boa oportunidade pra levar aos feitos a predilección da Igrexa polo povo, polos necesitados, xa que ninguén é más despois que o traballador emigrante, que corre o perigo de se converter nun home sen familia, sen patria e sen fío.

## COMUNICADO

A Irmandade Galega comunica os seus afiliados que, habéndose realizado e con grande éxito unha intensa campaña de conscripción de novos afiliados, e ollados os resultados da mesma, por acordo unánime da Comisión Directiva, a sortir do 1º de xaneiro de 1971, a cota mensual mínima establecida será de 100 pesos m/n. (1 peso lei).

Bos Aires, nadal do 1970

# A NOSA TERRA

Ano LII

Buenos Aires, Decembro de 1970

Nº 515

## OLIMPO DE PALLA

Nunha audición radial adicada á nosa colexitividá, que se espalla tódolos domingos por unha emisora porteña, o seu director, por boca de quén lle fai de locutor, con voz de xupetina altisocia, arremete contra o galeguismo da "Irmandade Galega" amostrando unha iracundia dina de millóns causa, en procura de xustificar a inconducta patriótica dun dos seus irmáns, que é doado agrumar galeguista que é doado ouvir no quefacer e no sentir da nosa colexitividá. Si, Sr. Director. Cando vostede se reverenciaba xenúflexo perante os "enanos" que gobernaban entón as nosas institucións negando a patria galega e despreciando a coxa sua ignorancia facendosa, ó mesmo tempo que se opofían a todo canto poidera desenrolar a nosa cultura, os que "nunca fixeron nada" artillaban coros, editaban libros, daban conferencias encol de temas galegos, imprimían e sostinhan xornales e revistas, poñían carteis na rua e cando se terciaba esnaquizaban algúna representación teatral onde se ofendiera a Galiza, ou repartían "ostias" para impor onde fora mester a presencia o sentir da nosa patria. Iso e muito más que sería longo resellar é o que fixeron e que inda fan os "intelectuais de segunda clás", os que ademais inda lles restan pulos pra rebatir a teima bilingüista dos "escollotos do Olimpo" que, claudicantes e goros de patriotismo, foron postos en ridículo nunha lembradeira sesión cultural realizada na súa da presidencia do Centro Galego, na que o noso atacante, impidente perante a contundencia conceptual dos que nos "educa mos en suplementos dominicales", perdeu a compostura e tivo que ser publicamente tidoado de mal criado.

Nós sentimos fondo respeito e admiración polos intelectuais que traballan acaron dos problemas e aspiracións do noso povo, sin petulancia, con sinxela grandeza, como compre a todo ser capaz; os que viven e sofrén polos atricos de todo orden da nosa Terra; os que padecen caide, perseguidos e multas; naoturas vostede, Sr. director, organiza exposicións no imperio franco en salons do Estado operario e procura servil e humilde, ser "honrado" co saudoso da mulher do caudillo verdugo do noso país. Os intelectuais que non viven como vostedes nunha antinomia permanente, que sin ser "avançados" non cobran en dólares, o odiado sino monetario do imperialismo, calisquer traballo que lle poidan encargar entidades representativas da emigración e despóis dano a imprensa por conta aliena, sin ter tanquier a delicadeza de lles comunicar o feito.

Báxese do Olimpo Sr. Director, e reiuge do seu ánimo divinas petulancias, porque nista época de transición os iconoclastas xa son moi edume; esqueza ise papel de Xúpiter tonante e tróquese nun ser humano, semelle ós que aiúan acarón do povo, gozando as suas ledicias ou sofrendo as suas tristuras; con simpatia, con desintrés, con patriotismo; entón terá autoridade pra zulgar a conduta alí onde

## AGRARIO A ROSALIA

Un fato de ex-adherentes da tradicional e prestixiosa Agrupación Galicia expulsados da mesma por traidores, andan na tarefa de orgaizar unha nova Agrupación pro Centro Galego. Iste feito nada tería de censurable se non fora o nome que se lle quer impor á devandita Agrupación ou sexa o de "Rosalia Castro".

Iste feito revela a antinomia en que viven certos elementos, sempre dispuestos a invocar a figuras esgrevias da nosa Terra e ó mesmo tempo dados a servir de testaferros dos axentes diplomáticos do réxime que a ten apreizada na más bárbara ditadura que lembra a historia, o que de feito os coloca en nemigos activos de todo canto Rosalia representou como expresión do sentir e do viver do noso pobo. Pero ademais e talmente inaceitabel que ninguén use os nomes prestixiosos de Rosalia, de Curros, de Pondal e outras figuras esgrevias da galeguidez pra fins eleitoralistas en aberta oposición á universalidade patriótica dos seus mensaxes; que está e debe estar porriba de todo sectarismo de grupo ou de seitor, calisquer que este sexa ou represente.

Iste feito lamentabel revela un agravio gratuito ó meirande esponente lírico de noso parnasal, que a colexitividá toda debe combatir con enerxía e determinación unánime de galegos de ben.